



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Delegación especial de funcións no 2º tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN ESPECIAL DE FUNCIONES NO 2º TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DE URBANISMO

EXPEDIENTE: 2025/G003/000711

Relacionado co expediente: 2021/U022/000016 – 2025/G003/000467

ANTECEDENTES:

Visto que a delegación de competencias do alcalde nos concelleiros regúlase no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e 43.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Considerando que o artigo 76 da LBRL, establece que “Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola lei, os membros das corporacións locais deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorra algunha das causas á que se refire a lexislación do procedemento administrativo e contratos das Administracións Públicas.

A este respecto o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece que as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias que se sinalan no seu apartado 2º, absteranse de intervir no procedemento e comunicaranlo ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente.

Entre outros motivos de abstención, o artigo 23.2.b) da LRXSP recolle o feito de “ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato”.

Así as cousas e vendo que concorre unha das causas establecidas no artigo 23.2.b) da LRXSP, de impedimento que me imposibilita para o exercicio das miñas atribucións como alcalde.

Para evitar conflitos de intereses no procedemento no que un familiar directo de 2º grao de consanguinidade é parte interesada, coa finalidade de evitar que a miña participación directa poida comprometer a obxectividade no devandito procedemento, véxome obrigado a absterme e delegar a miña competencia para a tramitación deste expediente concreto.

Visto que o artigo 43.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que o Alcalde poderá efectuar delegación especiais en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados. En concreto, as delegacións poden ser de tres tipos (ex art. 43.5 ROF):

Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación, que poderá conter todas as facultades delegables do Alcalde, incluída a de emitir actos que afecten a terceiros, limitarase no momento de xestión ou execución do proxecto.

Relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Relativas a un distrito ou barrio.

Conforme indica a Doutrina e Xurisprudencia, no suposto exposto estaríamos ante unha delegación especial relativa a un asunto determinado. A Alcaldía, delegará mediante Decreto que conterá o ámbito dos asuntos a que refírese a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas (ex art. 44.1 ROF).

A delegación terá efectos desde o día seguinte ao da data do Decreto, agás que nela dispóñase outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no «Boletín Oficial» da Provincia (ex art. 44.2 ROF). Alén do anterior, darase conta da delegación ao Pleno na primeira sesión que este celebre con posterioridade a esta (ex art. 44.4 ROF).

Por todo o exposto, en virtude do artigo 43.4 do ROF e concordantes, RESOLVO:

1º) Outorgar a delegación especial das funcións que lle corresponden a esta alcaldía, en favor de

D. José Manuel Traba Fernández, 2º tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo, para a tramitación do expediente 2021/U022/000016 e os seus expedientes relacionados.

2º) A delegación deberá estar documentada previamente, chegando con que nas resolucións que se adopten, fáganse constar que o 2º tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo, actuou por delegación desta Alcaldía.

3º) Notificar persoalmente a D. José Manuel Traba Fernández, entendéndose tacitamente aceptada a designación se no prazo de tres días hábiles seguintes á notificación da presente Resolución non manifestase, de forma expresa, o seu desacordo ante esta Alcaldía, e sen prexuízo de que a mesma producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, de conformidade co establecido no artigo 46.1, parágrafo segundo, e artigo 114 do ROF.

4º) Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e no Portal de Transparencia, para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

5º) As atribucións delegadas deberán exercerse nos termos e dentro dos límites desta Delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano o concelleiro.

6º) Cando as resolucións administrativas se adopten por delegación, farase constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas pola autoridade que as conferiu.

A tal efecto, nas resolucións que se adopten, incluírase o seguinte texto na parte expositiva:

“Por todo iso, no exercicio das competencias que me foron conferidas en virtude da delegación efectuada pola Alcaldía deste Concello mediante decreto nº ... de data ..., ditado dentro do expediente ...”.

7º) O concelleiro delegado queda obrigado a informar á Alcaldía, a posteriori, da xestión e disposicións que dite, e, previamente, das decisións de trascendencia nos termos previstos no artigo 115 do ROF.

8º) Dar conta deste acordo ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre, para dar cumprimento ao establecido nos artigos 42 e 46.1, parágrafo segundo, do ROF do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-Presidente, en Fisterra, a luns 1 de decembro de 2025, o que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña

2025/8104



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Decreto de delegación de competencias no concelleiro José Manuel Traba Fernández

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELEIRO JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ

EXPEDIENTE: 2025/G003/000523

ANTECEDENTES

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde d. Luis Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

- 1º) Designar a JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ, concelleiro delegado de Urbanismo e Obras desta corporación.
- 2º) As competencias do delegado, no ámbito das súas áreas, son:
 - Representar ao concello nas súas áreas.
 - Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.
 - Desenvolvemento xeral da actividade ordinaria, no marco das súas competencias e de acordo á coordinación xeral e as súas previsións.
- 3º) A delegación comprenderá a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- 4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicárase no taboleiro de anuncios municipal.
- 5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.
- 6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025 , do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña

2025/6013



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Decreto de delegación de competencias no concelleiro Manuel Canosa Trillo

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELEIRO MANUEL CANOSA TRILLO

EXPEDIENTE: 2025/G003/000524

ANTECEDENTES

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde d. Luis Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1º) Designar a MANUEL CANOSA TRILLO, concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Viaria, Policía Local, Servizos Sociais, Deporte e Sanidade desta corporación.

2º) As competencias do delegado, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.

3º) A delegación non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicárase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025, do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña

2025/6014



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Decreto de delegación de competencias na concelleira Jenifer Suárez Silva

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA CONCELLEIRA JENIFER SUÁREZ SILVA

EXPEDIENTE: 2025/G003/000525

ANTECEDENTES

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde d. Luís Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1º) Designar a JENIFER SUÁREZ SILVA, concelleiro delegado de Medio rural, medio Ambiente, Pesca e Marisqueo, Maiores e Mocidade desta corporación.

2º) As competencias do delegado, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.

3º) A delegación non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicárase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025, do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña

2025/6016



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Decreto de delegación de competencias na concelleira Susana Rodríguez Nemiña

DECRETO

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA CONCELLEIRA SUSANA RODRÍGUEZ NEMIÑA

EXPEDIENTE: 2025/G003/000522

ANTECEDENTES

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde d. Luís Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1º) Designar a SUSANA RODRÍGUEZ NEMIÑA, concelleira delegada de Cultura, Patrimonio, Novas Tecnoloxías, Educación, Igualdade e Muller.

2º) As competencias da delegada, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.
- Desenvolvemento xeral da actividade ordinaria, no marco das súas competencias e de acordo á coordinación xeral e as súas previsións.

3º) A delegación comprenderá a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicárase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025, do que eu, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Luís Manuel Insua Lago

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña

2025/6011